

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O
DIA 29 DE XULLO DE 2016**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO
RODRIGUEZ
MARIA TERESA DEvesa GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
M^a DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día VINTENOVE de XULLO do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

- MARIA ISABEL POISA REY, concelleira do BNG.
- ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, concelleira do PSdeG-PSOE.

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

---&&---

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesion anterior.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **CALENDARIO LABORAL.- Festivos locais 2017. Aprobación, se procede.**
4. **Proxecto anual de servizos sociais comunitarios.- Modificación dos módulos económicos para o cofinanciamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios correspondente á anualidade 2016.**
5. **PXOM.- Modificación Puntual nº 5 do PXOM sobre corrección de aliñacións no núcleo de Casnadagaia, Parroquia de San Mamede de Urrós (Allariz). Aprobación inicial, se procede.**
6. **Moción do BNG dando traslado ás peticións da Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.**
7. **Rogos e Preguntas.**

---&&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesion anterior.**

Aprobase sen modificación alguna, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. **CALENDARIO LABORAL.- Festivos locais 2017. Aprobación, se procede.**

Da conta a 1ª Tte de alcalde, concelleira de promoción económica, Cristina Cid Fernández, sinalando que, como en anos anteriores, o grupo municipal do BNG propón o martes do entroido, 28 de febreiro, e o venres do boi, 16 de xuño. A razón desta proposta, explicada en mais dunha ocasión, -sinala- son moi diversas, pero, fundamentalmente, recolle o sentir expresado polas asociacións de comerciantes que, segundo o seu parecer, ístes son os días mais apropiados para ser declarados festivos locais. O martes de entroido, o seu desfile, é tradición en Allariz, así se leva facendo durante moitos anos; ademais, dase a circunstancia de que tamén é un día declarado festivo en moitos lugares da provincia e polo tanto dende o punto de vista comercial hai interés en que así siga sendo. Con respecto ó venres do boi, tamén se comentou coa asociación de comerciantes, xa fai anos, e hai concordancia en que é unha festa moi consolidada que merece ser declarado festivo ese día un ano mais desde logo desde o punto de vista do interés para a restauración e a hostelería.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que, tal como xa se ten exposto en anos anteriores, as razóns para cambiar o martes do entroido pola

festividade de San Benito, son da mesma natureza que as expostas pola portavoz do BNG, pero que neste caso amparan a declaración da festividade do San Benito. A festividade do San Benito é unha festa con arraigo e tradición, mentras que o martes do entroido ten arraigo pero noutras localidades, non Allariz. En tal ocasión, poboación, maioritariamente, trasládase a esas localidades e non a celebran en Allariz. Sen embargo, se se impulsara o festivo de S. Benito, como patrón de Allariz, como así é, conseguiríase precisamente que os veciños se queden e outros se acheguen a celebrar a festa. Por todas estas razóns, o seu grupo vai votar en contra da proposta do BNG e solicita que un dos festivos locais sexa o día do S. Benito en lugar do martes do entroido.

Conclúe o Alcalde sinalando que a proposta que fai o grupo do BNG goza dun amplo respaldo social mentras que o cambio que solicita o PP non contribuíría a ningunha mellora e polo tanto, como tamén se demostrou anos atrás, convén manter o martes do entroido como festivo local.

Polo exposto,

Visto o escrito da Xefatura Territorial do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria polo que comunica o calendario de festas estatais e autonómicas para o ano 2017 e solicita a proposta de festas locais para inegrar o calendario laboral do vindeiro ano.

Resultando que o martes de entroido e o venres do boi se veñen consolidando como festivos locais tradicionais, pois contan cunha ampla aceptación social.

De conformidade coa normativa que resulta de aplicación, en particular o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada polo Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e o artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo.

O Pleno, pola maioría absoluta legal, co voto favorable dos concelleiros do grupo municipal do BNG (8) e co voto en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP (3), ACORDA:

Primeiro.- Aprobar como **festas locais para o ano 2017, o 28 de febreiro, martes de entroido, e o 16 de xuño, venres do boi**, que serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Taballo e Benestar aos efectos oportunos.

4. Proxecto anual de servizos sociais comunitarios.- Modificación dos módulos económicos para o cofinanciamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios correspondente á anualidade 2016.

En ausencia da concelleira de benestar social, da conta da proposta o propio Alcalde sinalando que a Consellería de Política Social acaba de publicar a Orde do 11 de xullo do 2016, cando xa estaba presentada a proposta de plan concertado para o 2016 modificando os módulos para a cofinanciación dos servizos de axuda a domicilio por razóns de dependencia valorada. Isto leva ao concello a presentar unha nova proposta, a petición da propia Consellería, axustada aos novos módulos aprobados. Mesmo hai a posibilidade de contar cunha segunda traballadora social tal como fora cando o servizo se prestaba mancomunadamente con Taboadela; agora, co aumento de poboación podería ser necesario contar cos servizos dunha segunda traballadora social. Proponse ratificar a nova proposta coas variacións introducidas polos novos módulos aprobados.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que, se ben van votar favorablemente a proposta, e a pesar de que hai a posibilidade de contar cunha segunda traballadora social, non sería acado aumentar a plantilla de persoal dada a débeda que ten o concello. Si até dagora nos pudemos arranxar cunha traballadora social poderíamolo seguir facendo durante un tempo, sen necesidade de aumentar os gastos das arcas municipais. Polo tanto, hai que ser prudentes á hora de contratar unha traballadora social mais, aínda que non houbera ningún impedimento para poder facelo.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que o grupo de goberno entende que en materia de política social, mais no contexto no que nos atopamos, ise esforzo é necesario. O labor dos servizos sociais é prioritaria para o concello porque ademais da traballadora social hai outro persoal que presta servizos de axuda a domicilio, de conciliación laboral, etc, e a traballadora social, ademais de facer labores burocráticas, tamen ten que facer seguimento dos propios programas, que nas actuais circunstancias é difícil. Por eso se formula esta proposta.

Polo exposto,

O Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

Ratificar o Decreto de data 22 de xullo de 2016, co seguinte teor literal:

ASUNTO: Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM).

Visto o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM).

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985. de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

1.- *Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal reguladora no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*

Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral é de 132.476,60 €, co seguinte detalle:

| | |
|------------------------------------------------------------|-------------|
| - Persoal | 63.917,00 € |
| - Mantemento: | 0,00 € |
| - Axuda no fogar: | |
| <i>Modalidade de prestación básica do Plan Concertado:</i> | 0,00 € |
| <i>Modalidade para persoas valoradas como dependentes:</i> | 68.559,60 € |
| - Xestión de programas: | 0,00 € |
| - Investimento: | 0,00 € |

2.- *Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.*

3.- *Asumir o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual prestado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 313.337,50 € que supón unha porcentaxe do 70,28 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.*

4.- *Dese conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación. O Alcalde. Asdo: Francisco García Suárez. Dou fe, o secretario.*

5. PXOM.- Modificación Puntual nº 5 do PXOM sobre corrección de aliñacións no núcleo de Casnadagaia, Parroquia de San Mamede de Urrós (Allariz). Aprobación inicial, se procede.

Da conta o concelleiro de urbanismo, Manuel Cid Pérez, sinalando que a realidade da execución do PXOM evidencia unha serie erros que foron aparecendo tanto no parcelario do catastro como nos planos do Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2003 nos que debido á

ausencia de planos topográficos axustados ás parcelas, introducíronse algunhas incoherencias entre a realidade e as aliñacións marcadas. Con esta modificación preténdese modificar as aliñacións axustándose ás lindes existentes na realidade obviando ampliacións do dominio público que aparecen no documento do ano 2003 pero sen xustificar o uso dese espazo como tal. Polo tanto a modificación establece as aliñacións seguindo os lindes dos elementos construídos e axustándose ás propiedades existentes. Esta modificación non pretende revisar as aliñacións en todo o núcleo de Casnadagaia, únicamente subsanar os erros detectados. Afecta a cinco parcelas catastrais no entorno do camiño de acceso ao citado núcleo. Na tramitación do expediente solicitouse á Consellería de Medio Ambiente un informe de avaliación ambiental estratéxica declarando a innecesariedade da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, pero incorpóranse as indicacións da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Pola súa parte o Secretario do Concello tamén emitiu o correspondente informe favorable someténdose ao dictamen da comisión de urbanismo.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, anuncia un voto favorable do seu grupo se ben o documento que agora se somete a votación non coincide exactamente co que fora dictaminado na comisión, pero atendidas as explicacións dadas polo Secretario enténdese que a proposta é razoable, polo que espera que a proposta sirva para resolver a situación producida sobre todo en tres parcelas do núcleo de Casnadagaia. Por todo elo, o voto do grupo municipal do Partido Popular vai ser favorable, conclúe.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que como aínda se está na aprobación inicial, calquera cuestión podería ser subsanada no proceso de exposición pública.

Polo exposto,

Visto o expediente incoado do que resulta que:

1. Concello de Allariz dispón dun plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que foi aprobado definitivamente o 09.04.2003, o cal foi obxecto de tres modificacións puntuais.
2. Con data marzo de 2016 a Oficina Técnica Municipal, por encargo da Alcaldía redactou un borrador de proxecto de modificación puntual do PXOM (M/P nº 5) coa finalidade de rectificar as aliñacións contempladas no PXOM e que afectan ás parcelas catastrais 4444316NG9744S, 4444317NG9744S, 4444318NG9744S, con respecto ás cales o axuste implica unha corrección das actuais aliñacións establecendo un curso das mesmas pola fachada de antigas edificacións (palleiras), non pola traseira das mesmas e, noutro caso, contéplase a supresión dun tramo dun viario previsto polo PXOM, situado ao norte da parcela catastral 4444319NG9744S, que toma como referencia un camiño existente (posiblemente de servidume) e implica o cambio de solo destinado actualmente a sistema viario a solo de núcleo rural consolidado.
3. Con data 21.04.2016 o Concello solicitou á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada.
4. O día 25.04.2016 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental recibiu o citado escrito coa solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM, ao abeiro da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para o que se achegou o documento ambiental estratéxico e o borrador da Modificación puntual.
5. O día 28.04.2014 a Secretaría Xeral iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través da súa sede electrónica, o cal finalizou o día 28.06.2016. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

Concretamente, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo observa que:

Non está suficientemente xustificado o interese xeral do reaxuste de aliñacións nas parcelas catastrais 4444316 NG9744S, 4444317 NG9744S e 4444318 NG9744S que implica o cambio de solo destinado actualmente a viario a solo de núcleo rural consolidado.

Non está xustificado o interese xeral da supresión da maior parte dun vial previsto polo plan xeral stuado ao norte da parcela con referencia catastral 4444319 NG9744S, que toma como referencia un camiño existente (posiblemente de servidume), que implica o cambio de solo destinado actualmente a sistema viario a solo de núcleo rural consolidado e impide o acceso a parcelas interiores. Semella máis axeitado o reaxuste de aliñacións do citado vial ao parcelario existente.

No proxecto da modificación puntual sinalarase gráficamente o perímetro do ámbito de actuación da modificación puntual.

Tamén debe elaborarse na memoria un cadro comparativo no que se recollan os cambios de clasificación e/ou cualificación de solo que se producen e a superficie total do ámbito de actuación.

Visto o documento da Oficina Técnica Municipal de Allariz para aprobación inicial, datado a xullo de 2016, asinado pola Arquitecta, D^a Marta Somoza Medina, que incorpora as observacións da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en particular a sinalización gráfica do perímetro do ámbito de actuación da modificación puntual así como a incorporación dun cadro comparativo no que se recollen os cambios de clasificación e/ou cualificación de solo que se producen e a superficie total do ámbito de actuación, reflectindo, asimesmo, as variacións correspondentes no trazado de aliñacións propostas como consecuencia das observacións sinaladas nos apartados II.3 e II.4 do informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no senso de que non se impida o acceso a parcelas interiores

De conformidade coa proposta contida no informe do Secretario de data 21/07/2016 e co informe favorable da comisión de urbanismo de data 26/07/2016, o Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente a modificación puntual nº 5 do PXOM que ten por obxecto a corrección de aliñacións no núcleo de Casnadagaia, Parroquia de San Mamede de Urrós (Allariz).

SEGUNDO. Que se someta o documento a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

Durante ese prazo, calquera persoa interesada poderá examinalo nas dependencias municipais para formular as alegacións que considere pertinentes.

Suspéndese o outorgamento de licenzas naqueles parcelas directamente afectadas polas novas aliñacións aprobadas que modifican as vixentes no PXOM.

En particular, as fincas catastrais afectadas pola suspensión son as que se identifican coas referencia catastral num. 4444316NG9744S, 4444317NG9744S e 4444318NG9744S.

O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que haberán de ser emitidos no prazo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable.

Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, podendo continuarse o procedemento.

O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito procede para a execución destes acordos, podendo expedir e asinar cantos documentos, e practicar as notificacións, petición de informes e requerimentos sexan necesarios, a tal efecto.

6. Moción do BNG dando traslado ás peticións da Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.

Da conta da moción o Sr. Alcalde sinalando que non é esta unha moción mais do grupo municipal do BNG, na medida que, aínda que coinciden cos termos expostos na moción, porque se brindaron a unha petición da propia Plataforma, foi para trasladar o texto coas demandas que eles formularon. Nese sentido, agora que estamos no terceiro aniversario do terrible accidente que ocorreu en Santiago de Compostela que levou a cuestionar a fórmula da implantación da Alta Velocidade en Galicia, parece oportuno reiterar este debate no Pleno da corporación, como se ten feito noutras ocasións cunha declaración institucional mostrando o apoio, e polo tanto o que se traslada con esta moción son as peticións expresadas directamente pola Plataforma e os seus integrantes, nos seguintes termos:

"As vítimas e familiares da catástrofe ferroviaria ocorrida o 24 de xullo de 2013 en Santiago, que causou 81 falecidos e máis de 140 feridos, leva 3 anos denunciando públicamente as mentiras e ocultacións do Goberno do PP, e do PSOE e dalgunhas institucións públicas e o trato vexatorio que reciben da súa parte.

Agora a UE, déulles a razón e invalidou a verdade "OFICIAL": "Que se fixera unha investigación independente, que o maquinista era o único responsable e que o accidente non era da Alta Velocidade".

Non señores do Goberno, señores de RENFE e ADIF, señor Xuíz e señor Fiscal, a investigación do accidente non foi independente e ademais, a UE, dí que non da resposta a preguntas esenciais, nin determina as causas estruturais e causas raíz, que son as que inciden nas posibles responsabilidades de ADIF, RENFE e INECO.

Esa "investigación" obvia causas fundamentais que viñan denunciando: o cambio de proxecto que rebaixou a seguridade realizado co ex Ministro José Blanco e a desconexión do sistema de control de velocidade con Ana Pastor ó frente de Fomento. De non haberse producido estes feitos o accidente teríase evitado.

A UE dí que debería abrirse unha investigación que cumpla coas esixencias de independencia.

Sen embargo, DURANTE ESTES TRES ANOS AS VÍTIMAS E FAMILIARES TIVERON QUE SUFRIR QUE:

- *Lles mentiran gravemente sobre a liña da Alta Velocidade Ourense-Santiago, decindo que contaba con sistemas de conducción automática.*
- *Tanto o Ministerio de Fomento, como ADIF e RENFE enganáronos, e foron apercibidos polos xuices por non colaborar coa Xustiza.*
- *Souperon pola prensa das presións do Goberno á UE para que non publicara o seu informe.*
- *Sufriron un parón no proceso xudicial de máis dun ano co cambio de xuíz, logo do cal, pechou a instrución cun único imputado, o maquinista, en base ás conclusións do CIAF que agora se invalidan. O Fiscal, que ata agora só defenderá os intereses de ADIF e RENFE, tamén deu por pechada a instrución. Abriuse unha porta á esperanza porque nesta ocasión, a AUDIENCIA ACABA DE DARLLES EN PARTE A RAZÓN E CORRIXE Ó XUÍZ E Ó FISCAL , ORDEANDO QUE SE REABRA A CAUSA E SE SIGA INVESTIGANDO.*
- *NIGÚN RESPONSABLE POLÍTICO DIMITIU E PARA HUMILLACIÓN DAS FAMILIAS ALGÚNS TEÑEN SIDO INCLUSO PREMIADOS: RAFAEL CATALÁ; GOMEZ POMAR; JOSÉ BLANCO, PABLO VÁZQUEZ E OUTROS COMO O PRESIDENTE DO ADIF, GONZALO FERRÉ, CONTINÚA NO SEU CARGO SEN DEPURAR RESPONSABILIDADES DENTRO DO*

ADIF. E AGORA PARA MÁIS BURLA ANA PASTOR TEN SIDO ELEXIDA PRESIDENTA DO CONGRESO.

- *O PP e o PSOE negáronlles sistemáticamente unha comisión de investigación parlamentaria que esixiron para saber a verdade, e que se depuraran as responsabilidades políticas.*
- *Cando se cumpren tres anos daquela catástrofe evitable, que arrebatou tantas vidas e provocou tanto sufrimento, esiximos o Estado e ás Institucións Públicas algo que lles deben ás vítimas e familiares, algo que debe de estar por riba de toda nunha Democracia real, a VERDADE e a XUSTIZA e o único camiño para logralo é:*

1.- Crear unha comisión técnica independente, tal e como sinalou Europa.

2.- Crear unha comisión de investigación parlamentaria, na que se depuren responsabilidades políticas.

3.- Que os exministros José Blanco e Ana Pastor pidan perdón públicamente ás vítimas e familiares, polos enganos de que foron obxeto e por impedir eles e os seus partidos que se teñan depurado todas as responsabilidades políticas.

4.- Unha Xustiza independente e dilixente: na que a fiscalía non actúe de mero observador, que traballe por defender os dereitos das vítimas e cun proceso xudicial que non se alongue indefinidamente e que chegue ó fondo de todas as causas e responsabeis da traxedia.

EN MEMORIA DOS QUE DEIXARON AS SÚA VIDA NAS VÍAS E PARA QUE NON VOLTE OCURRIR, ESIXIMOS VERDADE , XUSTIZA E TRANSPARENCIA.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG no Concello de Allariz, propón a adopción do seguinte ACORDO:

O PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE ALLARIZ, EXPRESA O APOIO E APROBACIÓN DAS PETICIÓNES EFECTUADAS POLA PLATAFORMA VÍTIMAS ALVIA04155, NOS SEUS PUNTOS 1,2,3 E 4 DANDO TRASLADO DA MESMA Ó PARLAMENTO GALEGO, XUNTA DE GALICIA, CONGRESO DOS DEPUTADOS E GOBERNO DO ESTADO”.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que o seu grupo vai votar en conciencia respecto da moción exposta e as peticións que fai a Plataforma das Vítimas do Alvia polo terrible accidente de xullo de 2013. Unha sociedade que avanza é unha sociedade que non pode estar sumida na incertidume de quedar sen respostas. Non é admisible, despois de tres anos, que aínda teñamos que estar dando voltas, para buscar e depurar responsabilidades nun tema tan tráxico como foi aquél fatídico día para a nosa Galicia. Isto é algo que golpeou a todas as familias e a todos nós, porque todos falamos coa xente e todos temos veciños que alí quedaron; temos coñecidos que foron feridos, e temos moitas persoas que necesitan unha resposta, porque non se pode emocionalmente vivir sen respostas. Entendemos tamén que é momento de non seguir politizando, se lles queremos axudar absolutamente. Necesítase concluir unha investigación independente. Necesítanse depurar responsabilidades e neso estamos todos de acordo. Pero, flaco favor lle faríamos si intentásemos politizar esto ata o extremo de intentar sacar réditos políticos, por eso nos afastamos de calquer valoración política e queremos que se faga o traballo que se teña que facer desde todas as institucións para que estas persoas podan descansar en paz e podan recuperar a vida que viñan facendo. Non vamos a dar traslado, sinala, a mais parte do argumentario porque é un tema tremendamente sensible. É un tema do que de ningunha maneira se pode mais que defender á xente que o está sufrindo. O grupo municipal do Partido Popular, reitera, vai votar en conciencia favorablemente a moción.

Intervén finalmente o Alcalde para reiterar, sinala, que o traballo realizado pola comisión así como as plataformas de vítimas e tamén polos grupos políticos que esixiamos a realización desa comisión de investigación con carácter independente e tamén a presión social para que, finalmente, non houbera un carpetazo a esta situación, non foi sacar réditos políticos, foi intentar que agora sexa posible verificar na práctica esta alternativa. O BNG, no seu Consello Nacional, adoptou un acordo ao que quere dar lectura, porque entende que fai mención a algo que a propia portavoz do PP xa indicaba, como é a necesidade de que as familias sexan tratadas con respecto e

coa dignidade que merecen. O órgano do BNG dicía que "en primeiro lugar, quere expresar que a sociedade galega nunca esquecerá ás persoas que faleceron ese día e que continuará a estar á beira dos seus familiares que loitan incansablemente por coñecer a verdade, único xeito de que se faga xustiza. Detrás dunha traxedia como ésta hai persoas con nomes e apelidos, persoas que xa nunca festexarán nada cos seus seres queridos, e estas persoas que sufren a súa ausencia son as que mais nos preocupan hoxe e ás que queremos transmitirles toda a nosa forza e o noso ánimo, ao tempo que o orgullo polo seu traballo, pola súa constante tarefa, ó seren capaces de levar a cabo a defensa da dignidade e da memoria. O BNG pediu dende o primeiro momento que se constituise unha comisión de investigación independente, que houberese responsabilidades políticas para non sucedera nunca mais un accidente destas características, e non cesaremos neste empeño. Non podemos devolver a vida ás persoas falecidas. Sí a dignidade, hoxe mais que nunca". Polo tanto, non hai ánimo desacar rédito político pola súa parte, nin deberíamos condenar ou criticar precisamente o traballo político que levou a que hoxe precisamente esto sexa unha realidade, mesmo se non se houbera feito público o informe da Unión Europea non habería unha maior sesibilidade política por parte das forzas que sistemáticamente negaron esa comisión de investigación, tanto no Parlamento de Galicia como no Congreso dos Deputados, a instancia de forzas políticas como o BNG que a viña reclamando. Polo tanto, o BNG congratúlase de que haxa unha posición unánime neste sentido, mais nunha Comarca que padeceu a traxedia en primeira persoa, coa morte de Celtia mais de Eva, con toda a dor das súas familias, e polo tanto isto é o mínimo que se pode pedir, apoiando esta proposta nos catro puntos que a mesma contén.

Seguidamente, sométese a votación a moción presentada resultando aprobada, nos mesmos termos expostos, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

7. Rogos e Preguntas.

Non houbo.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte e unha horas e trinta minutos do mesmo día do seu comezo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO



PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A continuación, en cumprimento do disposto no regulamento de participación cidadá, abriuse un turno de intervencións entre os asistentes.

No nome da Plataforma de Víctimas do Alvia 04155, tomou a palabra D. Francisco Javier Cabido Quintas, pai de Celtia, unha das mozas de Xunqueira que perdeu a vida no accidente de Angrois, para dar as grazas aos grupos políticos do BNG e do Partido Popular pola súa acollida e por votar favorablemente a moción presentada. Despois entregou ao Sr. Alcalde unha copia en formato CD da película documental de Aitor Rei denominada *FRANKENSTEIN 04155, 81 mortos, más de 140 heridos, ¿qué hay detrás del accidente ferroviario más grave de la democracia española?*

Seguidamente, coa autorización do Sr. Alcalde deu lectura a un escrito, no nome das familias, co seguinte texto literal.

No nome da Plataforma Víctimas Alvia 04155, en primeiro lugar, queremos dar as grazas ao grupo municipal do BNG a iniciativa de presentar esta moción, así como aos grupos deste Concello que se sumaron a ela.

Ao longo dos 3 anos desde que ocorreu o accidente do tren de alta velocidade en Angrois, as vítimas tivemos que sufrir, ademais das súas consecuencias , 81 mortos e 145 feridos, algún deles con graves lesións irreversibles, a ocultación e a ausencia de colaboración coa xustiza por parte do goberno central , e máis doloroso aínda, de parte do noso grupo de goberno autonómico, o da Xunta de Galicia. Así mesmo, a conduta de varios políticos, con nome e apelidos, cara ás vítimas, foron, cando menos, dunha insultante falta de humanidade e empatía coa nosa dor.

Políticos que, doutra banda, a día de hoxe, seguen ocupando diversos postos de representación e responsabilidade nas institucións, os máis importantes, incluso ascendendo de categoría.

Desde o principio as vítimas reclamamos unha Comisión de investigación Parlamentaria, onde se depuren responsabilidades políticas, que existen desde o momento en que o Ministerio de Fomento e as empresas públicas ADIF, RENFE e INECO publicitan a liña e o tren como de Alta Velocidade, enganando gravemente a cidadanía dicindo que contaba con maior seguridade, a última tecnoloxía e sistemas de conducción automáticos.

Para a nosa desgraza e, sobre todo, para a dos nosos familiares, puidemos comprobar que isto non era así.

Varias decisións do goberno anterior e do actual comprometeron a seguridade dos viaxeiros. O accidente poderíase evitar se:

- *Non se cambiara o proxecto orixinal no ano 2010, cando era Miinistro José Blanco,*
- *Non se desconectara o sistema de conducción automática ERTMS no ano 2012, sendo xa Ministra Ana Pastor.*

Altos cargos do ADIF e RENFE recibiron por escrito a advertencia de perigo do Xefe de Maquinistas de Ourense, o Sr. Igrexas Mazaira. Esta advertencia non foi tida en consideración, e polo tanto, non foi tomada ningunha medida de precaución.

O Goberno actual do PP, coa colaboración necesaria do PSOE, rexeitou ata en catro ocasións abrir unha comisión de investigación, despois dos últimos informes sacados á luz pola Unión Europea, as vítimas e, cremos que todos os cidadáns deste país, temos o dereito de que, dunha vez por todas, e sen que quede ningún atisbo de dúbida, saibamos por qué ocorreu este accidente tan devastador e que nos fixo tan desgraciados a todas as familias e amigos das vítimas.

Existe o erro humano, sen dúbida, pero é moito máis fácil que se produza cando non se ten en conta as advertencias das persoas especializadas nos sistemas de seguridade e o único que prima é o interese político e de recoñecemento persoal.

Invitámolos encarecidamente a que vexan o documental FRANQUESTEIN 04155, premiado na Semana Internacional de Cine de Valladolid - SEMINCI - que tras dous anos de investigación, consultas e enxeñeiros e expertos ferroviarios viron un xeito claro nas negligencias que se cometeron.

E, para rematar, quero facer un pequeno comentario a título persoal.

Este mes, todos os meses de xullo, desde o 2013, son moi dolorosos para nós e para a nosa familia, algún non o saberá, pero Celtia e Eva era curmáns. O día 16 Eviña faría 27 anos e hoxe, día 29, Celtia, a miña filla, faría 25 anos, demasiado novas para morrer, sempre son demasiado novos cando se trata de fillos.

Nunca foran aos fogos a Santiago, ían alegres e cheas de expectativas, Eva marchaba ao día seguinte a Italia, a traballar nun campamento e a Celtia acabábanlle de confirmar ese día 24 que conseguira un traballo en Londres por un ano. Era a súa maior ilusión, quería falar inglés como falaba galego ou castelán. Decidiron ir en tren é máis seguro mamá, dixo Celtia...

Agora sabemos que non hai seguridade en ningún sitio, pero é aínda máis doloroso cando sabes que a morte da túa filla, non foi unha desgraza que lle podía tocar a calquera, foi pola negligencia dunhas persoas que crían máis importante o recoñecemento persoal que investir na seguridade duns pasaxeiros.

No fondo só desexamos que ningún teña que volver pasar por isto nunca máis, somos conscientes de que os accidentes existen, pero seguindo as normas de seguridade poderíanse evitar moitas mortes e moita dor.

Volvo dar as grazas ao Concello de Allariz, aos grupos políticos que se sumaron á nosa petición e ás persoas que nos estiveron apoiando sempre nes tres anos.

Rematada a súa intervención, e logo dun forte e prolongado aplauso, o Sr. Alcalde deu por concluído apartado da participación cidadá ás vinte horas e trinta e catro e cinco minutos.

O ALCALDE

O SECRETARIO,

